



DE PARTE DE IRIS

**BOAS VACACIONS
CON LIBROS!!!!!!**

BO NADAL


DESCENDEMOS!

TODO SHERLOCK HOLMES SIR ARTHUR CONAN DOYLE


Título en vermello, que hai mortos! E apelido do autor en negriña, que é un clásico!

Pero non hai que esquecer cantos misterios resolveu xunto co seu amigo, o doutor dubidoso que se chamaba ...

Serás quen de dicilo despois das vacacións?



Baixamos máis, pero tamén nos gustan:



EL LIBRO DE LOS DRAGONES MICHAEL HAGUE

Xa sabedes deles, hainos de todos os tipos, a maioría malos, terribles, mortais, pero ...

Descubrir o misterio dos dragóns é importante para que os pequenos/as príncipes e princesas poidan sobrevivir ...

MÁIS ABAIXO AÍNDA, PARA OS PEQUENIÑOS:

MI PRIMER DICCIONARIO DE IMÁGENES, BICHOS Y OTRAS COSAS

MÓNICA GUTIÉRREZ SERNA

Que hai no mar, no bosque, na terra, na granxa, na rúa, na casa ...? Que hai ademais de mamá e papá?

PARAMOS! Porque este é só para adultos moi adultos.



Esta é unha selección de lecturas que podes atopar na nosa biblioteca e que che recomendamos para o Nadal

Escolle e le...quererás máis!!

MADE IN GALIZA

Senchu Sende

(Premio Blanco Amor 2003)

“Es unha desas persoas que sempre buscas excusas (*dáme corte, es que no me sale, me suena mal*)?”

Aquí tes o método de autohipnose para falar galego ou polo menos para morrer de risa.



OLLOS DE AUGA

Miro Villar

No interior da ría de Vigo está a illa de Toralla; dentro da illa un edificio enorme; dentro do edificio unha vivenda; dentro da vivenda un home morto... Queres saber máis sobre esta intriga?

Para lectores avanzados.



O ÚNICO QUE QUEDA É O AMOR

Agustín Fernández Paz

(Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2008)

Recén saído do forno, devorarás este libro de relatos co amor en todas as súas variantes.

Para todos os públicos.


OS MEGATOXOS E A ESPADA ESMERALDA

Anxo Fariña

Despois de *Os megatoxos e o aprendiz de druída*, este libro foi a segunda sorpresa do 2008, e máis aínda cando o seu autor e ilustrador nos visitou no instituto.

Non sabes o que perdes!

Para primeiros lectores.



NO CORAZÓN DO BOSQUE.

Agustín Fernández Paz.
O libro máis intrigante para regalar aos irmáns grandiños.
Para rapaciños e rapaciñas.



OS BOLECHAS

Pepe Carreiro

Os bolechas xantan, bailan, festexan o Nadal, teñen unha curmá, van aos Xogos Olímpicos... Tes un cento de títulos para escoller e agasallar a calquera sobriño ou sobriña.


Para os máis pequerrechiños.

MAL DE ESCOLA

Daniel Pennac

Dado que ti es profe e xa coñeces *Como unha novela*, traémosche o ingrediente que faltaba para lograr a maxia co teu alumnado

Para lectores avanzados (e/ou sobre todo profes).




NON ESCAPEDES QUE HAI MÁIS!!!

IMOS COMENZAR POLOS LECTORES AVANZADOS:

LA HERMANDAD DE LA BUENA SUERTE

FERNANDO SAVATER

Non é un libro de metafísica. Como pode serlo cando o caballo invencible é vencido, desaparece un xinete, os magnates levan os seus líos ao hipódromo e os delincuentes son detectives. A ver... Como pode ser?



LA FÁBRICA DE SEDAS

TAHS AW

Non, non vai de tecidos ao tradicional senón de ...

Johnny Lim era un chinés con nome americano cuxo fillo dá unha imaxe, a muller morta outra, e o amigo inglés... No misterioso marco da Malasia invadida polos xaponeses.

Quen era, realmente, Johnny Lim?



CAMBIAMOS DE TERZO, PERO PARA BOS LECTORES:



FANTASMAS

JOE HILL

Enténdese que se trata de Imogene que o tiña todo pero estaba morta. De Francis que un día foi humano, de John Finney pechado cun teléfono sen conexión que soa e soa... Logo de pantasmas. Que medo!!

EL ASESINATO DE LA PROFESORA DE LENGUA

JORDI SIERRA I FABRA

Nin soñalo! Ti non vas asasinar a profe; vai ser ela quen, farta de que non a rasques vai acabar con algún de vós hoxe mesmo se non sodes quen de detela. Que podedes facer? É moi perigosa!!



*Para andar o camiño, para atopar o camiño,
para construír o camiño ...*

Para termos a liberdade que non ten o solitario ...

Porque se non as leva o vento arden as palabras.

*Porque a letra con letra entra, e sae, e volve a
entrar
como o amor.*

Para iso son os libros.